

Aproximación a la historia jurídica de Galicia

Luis Rodríguez Ennes

EGAP. Santiago. 1999

A presente obra mereceu o Premio Manuel Colmeiro na súa edición de 1998. Este premio foi instituído no seu momento para distinguir traballos de investigación realizados fundamentalmente dentro do campo do dereito. Creo que foi un acerto premiar nesa ocasión unha obra que abrangue a historia xurídica de Galicia, tema no que non abunda a bibliografía. Se por outros motivos non se xustificase a existencia do premio que leva o nome do insigne xurista, penso que sobrarían estes co patrocinio de obras deste tipo. É de xustiza ademais sinalar que non é nada desdeñable a contribución editorial da Escola Galega de Administración Pública ó coñecemento da historia xurídica de Galicia.

A obra de Rodríguez Ennes divídese en cinco grandes capítulos. O primeiro está dedicado á *Gallaecia Romana*. Habería que destaca-la suxestiva idea da conexión existente entre as leis municipais romanas e os foros, entendidos estes como «ordenación propia de una agrupación humana que, sin embargo se encontraba sometida al poder político superior de un *imperator* o de un *rex*».

O segundo capítulo está dedicado á *Edad Media*. O autor asume a idea de Reinhart de que os suevos parece que se rexeron polo dereito consuetudinario nos seus propios asuntos mentres seguían as normas do dereito romano nas súas relacións coa poboación indíxena. Segundo Ennes a substitución da monarquía sueva pola visigoda non produciu cambios substanciais no pano-

rama normativo. Sinala o problema da aplicación territorial ou persoal do dereito na monarquía visigoda como unha cuestión debatida pola historiografía. Ennes indica que «lo más probable es que las comunidades familiares peninsulares de la Edad Media hundan sus raíces en un derecho autóctono muy primitivo, verificado después por elementos jurídicos que parecen proceder más bien del derecho germánico, sin que sea imposible, sin embargo, que las prácticas primitivas se incorporasen al derecho romano vulgar hispánico (...) al confluír las viejas costumbres prerromanas con el recuerdo de instituciones análogas del derecho romano arcaico, como el consorcio familiar».


O seguinte capítulo titúlase *La época de la Monarquía Absoluta* e engloba fundamentalmente á idade moderna. Estúdíase a Real Audiencia de Galicia con detemento, a figura de Herbella de Puga co seu *Derecho práctico de la Real Audiencia de Galicia*, a multiplicidade de xurisdiccións característica do antigo réxime e a estrutura da propiedade agraria.

No cuarto capítulo éntrase na idade contemporánea, que Ennes define con acerto como *etapa codificadora*, dado que o afán codificador da normativa legal chega a España nesta época. Para Ennes a permanencia do sistema foral é o mellor indicativo da ausencia dunha reforma agraria liberal ou doutro tipo. Neste sentido pódese falar do desfacemento entre o foro e a propiedade privada libre. Dedícase tamén un interesante apartado ó papel da emigración na formación dos patrimonios campesiños.

O capítulo quinto titúlase *Vicisitudes posteriores* e fai referencia ó século XX, que quizais queda algo curto en extensión en relación co resto do traballo.

Capítulo á parte merece a bibliografía utilizada, moi extensa e representativa, aínda que forzosamente non poida ser exhaustiva pola mesma amplitude do labor acometido. Quizais conviría en sucesivas edicións actualizala metodoloxía empregada nas citas bibliográficas. Aínda que tamén é certo que nalgunhas disciplinas úsanse formas peculiares no canto de cita-la bibliografía empregada.

O autor traballa con materiais moi diversos, que fan que sexa unha obra multidisciplinar. Hai que sinalalo acerto do autor ó acometer esta difícil tarefa. Quizais o valor máximo da obra estea nese esforzo de síntese, imprescindible nunha obra deste tipo, e que o autor realiza con mestría.

Estamos en suma ante un traballo importante e necesario, que cobre un baleiro non cuberto ata agora e polo que o labor do autor case se pode cualificar de pioneiro. Non é fácil xulgar unha obra deste tipo nunhas curtas liñas, pero paga a pena se con iso se contribúe a unha maior difusión desta. Só queda dicir deste traballo que, polo seu carácter de «aproximación» como reza no título, confiamos en que o autor o continúe en posteriores entregas. 

Xosé Luís Mínguez Goyanes



NORMAS PARA A PRESENTACIÓN DE ORIXINAIS

1. Os traballos serán orixinais, non publicados nin total nin parcialmente, nin enviados a outros medios de publicación.
2. Presentaranse en follas DIN-A4 mecanografiadas a dobre espacio nunha soa cara e numeradas, e incluírán, de se-lo caso, e como máximo, 15 gráficos ou táboas.
3. As ilustracións serán numeradas segundo a súa orde de aparición no texto, co seu listado e lenda ou pé en folla á parte.
4. O título do traballo será breve (como máximo oito palabras) e poderáselle engadir un subtítulo. Non conterá abreviaturas nin notas.
5. Incluíranse co título do artigo catro ou cinco descritores a través dos que se poida clasifica-lo artigo.
6. Baixo o título colocárase o nome do autor ou autores, e incluírase ó pé da páxina a profesión ou cargo principal co que desexan ser presentados.
7. O traballo irá precedido obrigatoriamente dun sumario ou resumo inferior a 150 palabras, sobre o contido e conclusións, sen notas ó pé. Acompañarase a versión inglesa do sumario.
8. Os traballos completos enviaranse por triplicado.
9. A numeración dos apartados farase só con caracteres arábigos ata tres díxitos.
10. As notas a pé de páxina recolleranse ó final do manuscrito en folla á parte.
11. As referencias bibliográficas (e soamente as citadas no texto e nas notas) situaranse ó final do traballo e en orde alfabética de apelidos, do seguinte xeito:

Libros:
AUTOR (ano): Título do libro, número de edición, editorial, lugar.

Artigos:
AUTOR (ano): Título do artigo, título do libro ou nome da revista, volume e número, paxinación, editorial, lugar.
Nos casos de máis dun traballo do mesmo autor e ano, a este engadiráselle unha letra ordinal (1986, a; 1986, b; etc.).
As citas, nas notas de páxina, remitíranse á bibliografía final indicando o autor, ano (con a, b, etc.), volume e páxinas interesadas.
12. Se se utilizan abreviaturas ou siglas (organismos, revistas, etcétera), incluírase o seu listado detrás da bibliografía.
13. Achegaranse o enderezo postal e o teléfono dos autores e a data de remisión do orixinal.
14. Os traballos asinados expresan a opinión dos autores e son da súa exclusiva responsabilidade, para tódolos efectos.
15. Os autores comprométese a corrixi-las probas de imprenta nun prazo de sete días, e enténdese que, noutro caso, se outorga a conformidade co texto que aparece nelas. Non se poderá modificar substancialmente o texto orixinal a través desta corrección de probas.
16. Os traballos enviaranse a:

Revista Galega de Administración Pública
EGAP
Pol. das Fontiñas, rúa Madrid, 2-4
15707 Santiago de Compostela.
Galicia. España.